CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 14 de marzo de 2011 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Regulamento (CE) nº 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establece no punto 1 da alínea A do capítulo II, que só se poderán recoller moluscos bivalvos vivos en zonas de produción con localización e límites fixos, clasificados pola autoridade competente, como pertencentes á clase A, B ou C consonte o Regulamento (CE) nº 854/2004 do Parlamento e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen as normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Polo tanto, é a autoridade competente quen debe determinar a localización e os límites das zonas tanto de produción como de reinstalación que se clasifiquen.

A Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos seus anexos I e II as zonas de produción resultado dunha profunda revisión.

O artigo 6º desta orde establece que cando as análises e controis efectuados nas zonas de produción clasificadas como B ou C demostren o cumprimento de todos os parámetros exixidos durante os períodos establecidos, a Consellería do Mar procederá a revisar a clasificación da devandita zona. Igualmente poderá establecer novas zonas ou subzonas de produción, se se comproba que as medidas de mellora establecidas provocan a redución da contaminación ou ben que novos impactos provoquen un aumento desta, e as análises realizadas en distintas áreas desa zona de produción presentan niveis de *E. coli* que permitan establecer novas clasificacións dentro da zona de produción.

Para garantir a idoneidade dos produtos extraídos nas diferentes zonas a Consellería do Mar, a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), realiza os controis de todas as zonas de produción de acordo co establecido nos diferentes regulamentos.

Nos resultados dos controis realizados nas distintas zonas de produción detectouse que hai niveis de *E. coli* que ofrecen resultados diferentes aos que determinaban a clasificación e á delimitación das zonas establecidas no anexo I e representadas nos mapas do anexo II da Orde do 19 de xullo de 2010 que modifica a Orde do 8 de setembro de 2006.

En virtude do exposto anteriormente,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un.-O anexo I (moluscos bivalvos) no que se refire ao GAL 01/09 «Parte media da ría do Barqueiro» queda redactado do seguinte xeito:

Clave	Área de produción	Límites da zona	Coordenadas UTM (ED-50)	Clase	Comentario
GAL 01	GAL 01/09-1 Parte media da ría do Barqueiro (zona da praia Salgueira).	Zona interior comprendida entre punta da Barra e peirao do Barqueiro.	(605725, 4844180) (604800, 4843710)	C	Estable
GAL 01	GAL 01/09-2 Parte media da ría do Barqueiro (zona da praia Area Longa-Lombo das Navallas).	Zona comprendida entre a liña imaxinaria que une punta da Barra con punta Castelos e a liña imaxinaria que pasa pola ponte do ferrocarril, agás a zona de praia Salgueira.	(605725, 4844180) (606430, 4843250) (605505, 4843035) (604805, 4842955)	B	Estable

Dous.-O anexo I (moluscos bivalvos) no que se refire ao GAL 08/03 «Parte interna da enseada de Muros» queda redactado como segue:

Clave	Área de produción	Límites da zona	Coordenadas UTM (ED-50)	Clase	Comentario
GAL 08	GAL 08/03 Parte interna da enseada de Muros.	Zona interna da enseada de Muros delimitada pola liña imaxinaria que vai desde o peirao de tres picos con enfilación cara ao pavillón deportivo do concello.	(495605, 4737300) (495170, 4736595)	C	Estable

Tres.-O anexo II no que se refire aos mapas de produción para as zonas GAL-01 (II) e GAL-08, queda tal e como se indica nos mapas que se xuntan a esta orde.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2011.

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Mar

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Resolución do 17 de marzo de 2011 pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Maceda.

O día 14 de marzo de 2011 a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Maceda asinaron o Convenio de adhesión dese concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 9º.1 dos estatutos da axencia aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2011.

María Martínez Allegue
Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

En Santiago de Compostela o catorce de marzo de dous mil once.

Interveñen:

Dunha parte, Francisco Xavier Oviedo Rodríguez, alcalde do Concello de Maceda, provincia de Ourense, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, María Martínez Allegue, directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18º dos estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

Expoñen:

1º A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, no seu artigo 226º, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación e do Consello da Xunta de Galicia e será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados polo Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no *Diario Oficial de Galicia* número 222, do 16 de novembro.

2º O Concello de Maceda ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nos artigos 209º e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10º, determina que a Administración local e as demais administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das devanditas administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69º, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola Administración do Estado ou da comunidade autónoma e a local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

3º En virtude do establecido nos artigos 222º.2 e 226º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.